



## DOCUMENTO DE CONCRECIÓN CURRICULAR

CEP XOSÉ NEIRA VILAS

Aprobado no Claustro o 18 de abril de 2023

Data publicidade na páxina web do centro o 20 de abril de 2023



Índice .....	1
1. INTRODUCCIÓN.....	2
2. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DAS ETAPAS AO CONTEXTO DO CENTRO.....	2
3. CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS. ....	4
4. CRITERIOS PARA DESENVOLVER OS PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS E INCORPORAR ELEMENTOS TRANSVERSAIS.....	8
5. ASPECTOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE A METODOLOXÍA.....	9
6. DECISIÓNS DE CARÁCTER XERAL SOBRE OS MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	10
7. CRITERIOS PARA O DESEÑO DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS. ....	12
8. REFORZO EDUCATIVO E APOIO DO PROFESORADO CON DISPOÑIBILIDADE HORARIA.....	13
9. CRITERIOS PARA O DESEÑO DE PLANS ESPECÍFICOS DE REFORZO OU PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO QUE DEBA PERMANECER UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO, DE SER O CASO. ....	14
10. CRITERIOS XERAIS PARA A AVALIACIÓN E, DE SER O CASO, A PROMOCIÓN E A TITULACIÓN.....	19
10.1. Referentes legais. ....	19
10.2. Avaliación inicial .....	19
10.3. Aspectos xerais da avaliación .....	20
10.4. Procedementos e instrumentos de avaliación.....	20
10.5. Sesións de avaliación. ....	21
10.6. Información ás familias.....	23
10.7. Criterios de cualificación. ....	23
10.8. Criterios de promoción.....	25
10.9. Criterios de outorgamento para mención honorífica.....	27
10.10. Protocolo para solicitar copia de probas escritas polas familias .....	27
11. DECISIÓNS E CRITERIOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN E AVALIACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS. ....	29
12. CRITERIOS PARA A PARTICIPACIÓN DO CENTRO EN PROXECTOS, PLANS E PROGRAMAS. ....	31
13. PROCEDEMENTO PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR. ....	32
ANEXOS .....	34
ANEXO A - INFORME INDIVIDUAL FINAL DE CURSO SOBRE AS MEDIDAS DE REFORZO EDUCATIVO (RE) .....	35
ANEXO B - INFORME FINAL DE CICLO/ETAPA SOBRE A EVOLUCIÓN INDIVIDUAL E O GRAO DE ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS .....	37
ANEXO C – PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO PARA O ALUMNADO DE EP QUE PERMANEZA UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO .....	39
ANEXO D .....	41
DIRECCIÓN DO CEP XOSÉ NEIRA VILAS .....	43
ANEXO E:.....	48
ANEXO F .....	49



## 1. INTRODUCCIÓN

Este Documento de Concreción Curricular é o resultado dunha reflexión conxunta do Claustro do CEP Xosé Neira Vilas, para establecer o marco de criterios e decisións para orientar o desenvolvemento do currículo polo profesorado, así como a coordinación interdisciplinar por parte das titorías e dos órganos de coordinación didáctica, para garantir a coherencia na actuación docente en todo o centro.

Partimos do primeiro nivel, o Currículo de Primaria, o recollido no Decreto 155/2022 como desenvolvemento do Real Decreto 157/2022, no marco da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio de educación.

O segundo nivel de concreción marca o que, como e cando do proceso de ensino-aprendizaxe adaptado ás características do medio e ao alumnado ao que se dirixe, concretándose no PEC, e o terceiro e cuarto niveis de concreción na Programación de aula e Adaptacións Curriculares.

ELABORADO POR: Comisión de Coordinación Pedagóxica.	REVISADO POR: Equipo directivo	APROBADO POR: Claustro de profesorado
DATA: 1º e 2º trimestres curso 2022-2023	DATA: 14-4- 2023	DATA: 18-4-2023
<p>Este documento é propiedade do CEP XOSÉ NEIRA VILAS, con domicilio na Lugar Peroleira, 34 CP: 36389. Código: 36018631/ NIF: S-8600043G                  Email: <a href="mailto:cep.neira.vilas@edu.xunta.gal">cep.neira.vilas@edu.xunta.gal</a>                  Web: <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/cepneiravilas/">http://www.edu.xunta.gal/centros/cepneiravilas/</a></p>		

## 2. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DAS ETAPAS AO CONTEXTO DO CENTRO.

Segundo o establecido a través do desenvolvemento curricular do D.155/2022, os obxectivos xerais de Ed. Primaria traballaranse ao longo de todos os niveis da etapa educativa. Tendo en conta as particularidades do noso centro educativo, farase un especial fincapé nas aprendizaxes relativas a cada un deles segundo a seguinte distribución:

Ciclo	Obxectivos
1º ciclo	C Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais con que se relacionan.



	K	Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferencias e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
	L	Coñecer e valorar aos animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.
	M	Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
2º ciclo	A	Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
	B	Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
	E	Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
	G	Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
	N	Desenvolver hábitos cotiás de mobilidade activa autónoma e saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto na prevención dos accidentes de tráfico.
3º ciclo	D	Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.
	F	Adquirir, polo menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
	H	Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.
	I	Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.
	J	Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.



### 3. CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS.

O D.155/2022 define as competencias clave como os desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar os principais retos e desafíos globais e locais. Son a adaptación ao sistema educativo das competencias clave establecidas na Recomendación do Consello da Unión Europea de 22 de maio de 2018 relativa ás competencias clave para a aprendizaxe permanente e aparecen recollidas no perfil de saída do alumnado ao remate da ensinanza básica. Así mesmo, eses desempeños evidéncianse nas capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, a fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

O perfil de saída identifica e define as competencias clave que o alumnado debe desenvolver ao finalizar a educación básica, e introduce orientacións sobre o nivel de desempeño esperado ao termo da educación primaria a través dos correspondentes descritores operativos.

Partindo deste, realizase una concreción dos descritores operativos para cada un dos ciclos, que recollen aqueles descritores prioritarios e fundamentais para a aprendizaxe en cada nivel, sen prexuízo do seu tratamento e traballo ao longo de toda a etapa:

Ciclo	Descritores operativos fundamentais	
1º ciclo	CCL2	Comprende, interpreta e valora textos orais, escritos, sinados ou multimodais sinxelos dos ámbitos persoal, social e educativo, con acompañamento puntual, para participar activamente en contextos cotiáns e para construír coñecemento.
	CCL4	Le obras diversas adecuadas ao seu progreso madurativo, seleccionando aquelas que mellor se axustan aos seus gustos e intereses; recoñece o patrimonio literario como fonte de gozar e de aprendizaxe individual e colectivo; e mobiliza a súa experiencia persoal e lectora para construír e compartir a súa interpretación das obras e para crear textos de intención literaria a partir de modelos sinxelos.
	CP1	Usa, polo menos, unha lingua, ademais da lingua ou linguas familiares, para responder a necesidades comunicativas sinxelas e predicibles, de maneira adecuada tanto ao seu desenvolvemento e intereses como a situacións e contextos cotiáns dos ámbitos persoal, social e educativo.
	STEM1	Utiliza, de maneira guiada, algúns métodos indutivos e dedutivos propios do razoamento matemático en situacións coñecidas, e selecciona e emprega algunhas estratexias para resolver problemas reflexionando sobre as solucións obtidas.
	STEM5	Participa en accións fundamentadas cientificamente para promover a saúde e preservar o ambiente e os seres vivos, aplicando principios de ética e seguridade e practicando o consumo responsable.
	CD1	Realiza procuras guiadas na internet e fai uso de estratexias sinxelas para o tratamento dixital da información (palabras clave, selección de información relevante, organización de datos...) cunha actitude crítica sobre os contidos obtidos.
	CPSAA1	É consciente das propias emocións, ideas e comportamentos persoais e emprega estratexias para xestionalas en situacións de tensión ou conflito, adaptándose aos



		cambios e harmonizándoos para alcanzar os seus propios obxectivos.
	CC3	Reflexiona e dialoga sobre valores e problemas éticos de actualidade, comprendendo a necesidade de respectar diferentes culturas e crenzas, de coidar a contorna, de rexeitar prexuízos e estereotipos, e de opoñerse a calquera forma de discriminación ou violencia.
	CC4	Comprende as relacións sistémicas entre as accións humanas e a contorna e iníciase na adopción de estilos de vida sustentables, para contribuír á conservación da biodiversidade desde unha perspectiva tanto local como global.
	CE3	Crea ideas e solucións orixinais, planifica tarefas, coopera con outros en equipo, valorando o proceso realizado e o resultado obtido, para levar a cabo unha iniciativa emprendedora, considerando a experiencia como unha oportunidade para aprender.
	CCEC1	Recoñece e aprecia os aspectos fundamentais do patrimonio cultural e artístico, comprendendo as diferenzas entre distintas culturas e a necesidade de respectalas.
	CCEC3	Expresa ideas, opinións, sentimentos e emocións de forma creativa e cunha actitude aberta e inclusiva, empregando distintas linguaxes artísticas e culturais, integrando o seu propio corpo, interactuando coa contorna e desenvolvendo as súas capacidades afectivas.
2º ciclo	CCL1	Expresa feitos, conceptos, pensamentos, opinións ou sentimentos de forma oral, escrita, signada ou multimodal, con claridade e adecuación a diferentes contextos cotiáns da súa contorna persoal, social e educativa, e participa en interaccións comunicativas con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para intercambiar información e crear coñecemento como para construír vínculos persoais.
	CCL3	Localiza, selecciona e contrasta, co debido acompañamento, información sinxela procedente de dúas ou máis fontes, avaliando a súa fiabilidade e utilidade en función dos obxectivos de lectura, e intégra e transfórmaa en coñecemento para comunicala adoptando un punto de vista creativo, crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual.
	CCL4	Le obras diversas adecuadas ao seu progreso madurativo, seleccionando aquelas que mellor se axustan aos seus gustos e intereses; recoñece o patrimonio literario como fonte de gozar e de aprendizaxe individual e colectivo; e mobiliza a súa experiencia persoal e lectora para construír e compartir a súa interpretación das obras e para crear textos de intención literaria a partir de modelos sinxelos.
	CP3	Coñece e respecta a diversidade lingüística e cultural presente na súa contorna, e recoñece e comprende o seu valor como factor de diálogo, para mellorar a convivencia.
	STEM2	Utiliza o pensamento científico para entender e explicar algúns dos fenómenos que ocorren ao seu arredor, confiando no coñecemento como motor de desenvolvemento, utilizando ferramentas e instrumentos adecuados, facéndose preguntas e realizando experimentos sinxelos de forma guiada.
	STEM5	Participa en accións fundamentadas cientificamente para promover a saúde e



		preservar o ambiente e os seres vivos, aplicando principios de ética e seguridade e practicando o consumo responsable.
	CD2	Crea, integra e reelabora contidos dixitais en distintos formatos (texto, táboa, imaxe, audio, vídeo, programa informático...) mediante o uso de diferentes ferramentas dixitais para expresar ideas, sentimentos e coñecementos, respectando a propiedade intelectual e os dereitos de autor dos contidos que reutiliza.
	CD3	Participa en actividades ou proxectos escolares mediante o uso de ferramentas ou plataformas virtuais para construír novo coñecemento, comunicarse, traballar cooperativamente e compartir datos e contidos en contornas dixitais restrinxidas e supervisados de maneira segura, cunha actitude aberta e responsable ante o seu uso.
	CPSAA2	Coñece os riscos máis relevantes e os principais activos para a saúde, adopta estilos de vida saudables para o seu benestar físico e mental, e detecta e busca apoio ante situacións violentas ou discriminatorias.
	CPSAA3	Recoñece e respecta as emocións e experiencias das demais persoas, participa activamente no traballo en grupo, asume as responsabilidades individuais asignadas e emprega estratexias cooperativas dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.
	CC2	Participa en actividades comunitarias, na toma de decisións e na resolución dos conflitos de forma dialogada e respectuosa cos procedementos democráticos, os principios e valores da Unión Europea e a Constitución española, os dereitos humanos e da infancia, o valor da diversidade e o logro da igualdade de xénero, a cohesión social e os obxectivos de desenvolvemento sustentable.
	CC3	Reflexiona e dialoga sobre valores e problemas éticos de actualidade, comprendendo a necesidade de respectar diferentes culturas e crenzas, de coidar a contorna, de rexeitar prexuízos e estereotipos, e de opoñerse a calquera forma de discriminación ou violencia.
	CE1	Recoñece necesidades e retos que afrontar e elabora ideas orixinais, utilizando destrezas creativas e tomando conciencia das consecuencias e efectos que as ideas puidesen xerar na contorna, para propoñer solucións valiosas que respondan ás necesidades detectadas.
	CE2	Identifica fortalezas e debilidades propias utilizando estratexias de autoconhecimento e iníciase no coñecemento de elementos económicos e financeiros básicos, aplicándoos a situacións e problemas da vida cotiá, para detectar aqueles recursos que poidan levar as ideas orixinais e valiosas á acción.
	CCEC4	Experimenta de forma creativa con diferentes medios e soportes, e diversas técnicas plásticas, visuais, audiovisuais, sonoras ou corporais, para elaborar propostas artísticas e culturais.
3º ciclo	CCL4	Le obras diversas adecuadas ao seu progreso madurativo, seleccionando aquelas que mellor se axustan aos seus gustos e intereses; recoñece o patrimonio literario como fonte de gozar e de aprendizaxe individual e colectivo; e mobiliza a súa experiencia persoal e lectora para construír e compartir a súa interpretación das obras e para crear textos de intención literaria a partir de modelos sinxelos.





CCL5	Pon as súas prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a xestión dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, e detecta os usos discriminatorios, así como os abusos de poder, para favorecer a utilización non só eficaz senón tamén ética dos diferentes sistemas de comunicación.
CP2	A partir das súas experiencias, reconece a diversidade de perfís lingüísticos e experimenta estratexias que, de maneira guiada, lle permiten realizar transferencias sinxelas entre distintas linguas para comunicarse en contextos cotiáns e ampliar o seu repertorio lingüístico individual.
STEM3	Realiza, de forma guiada, proxectos, e diseña, fabrica e avalía diferentes prototipos ou modelos, adaptándose ante a incerteza, para xerar en equipo un produto creativo cun obxectivo concreto; e procura a participación de todo o grupo e resolve pacificamente os conflitos que poidan xurdir.
STEM4	Interpreta e transmite os elementos máis relevantes dalgúns métodos e resultados científicos, matemáticos e tecnolóxicos de forma clara e veraz, utilizando a terminoloxía científica apropiada, en diferentes formatos (debuxos, diagramas, gráficos, símbolos...) e aproveitando de forma crítica, ética e responsable a cultura dixital para compartir e construír novos coñecementos.
STEM5	Participa en accións fundamentadas cientificamente para promover a saúde e preservar o ambiente e os seres vivos, aplicando principios de ética e seguridade e practicando o consumo responsable.
CD4	Coñece os riscos e adopta, coa orientación do docente, medidas preventivas ao usar as tecnoloxías dixitais para protexer os dispositivos, os datos persoais, a saúde e o ambiente, e iníciase na adopción de hábitos de uso crítico, seguro, saudable e sustentable das devanditas tecnoloxías.
CD5	Iníciase no desenvolvemento de solucións dixitais sinxelas e sustentables (reutilización de materiais tecnolóxicos, programación informática por bloques, robótica educativa...) para resolver problemas concretos ou retos propostos de maneira creativa, e solicita axuda en caso necesario.
CPSAA4	Recoñece o valor do esforzo e a dedicación persoal para a mellora da súa aprendizaxe e adopta posturas críticas en procesos de reflexión guiados.
CPSAA5	Planea obxectivos a curto prazo, utiliza estratexias de aprendizaxe autorregulada e participa en procesos de auto e coavaliación, recoñecendo as súas limitacións e sabendo buscar axuda no proceso de construción do coñecemento.
CC1	Entende os procesos históricos e sociais máis relevantes relativos á súa propia identidade e cultura, reflexiona sobre as normas de convivencia e aplícaas de maneira construtiva, dialogante e inclusiva en calquera contexto.
CC3	Reflexiona e dialoga sobre valores e problemas éticos de actualidade, comprendendo a necesidade de respectar diferentes culturas e crenzas, de coidar a contorna, de rexeitar prexuízos e estereotipos, e de opoñerse a calquera forma de discriminación ou violencia.
CE3	Crea ideas e solucións orixinais, planifica tarefas, coopera con outros en equipo, valorando o proceso realizado e o resultado obtido, para levar a cabo unha





		iniciativa emprendedora, considerando a experiencia como unha oportunidade para aprender.
	CCEC2	Recoñece e interésase polas especificidades e intencionalidades das manifestacións artísticas e culturais máis destacadas do patrimonio, identificando os medios e soportes, así como as linguaxes e os elementos técnicos que as caracterizan.

#### 4. CRITERIOS PARA DESENVOLVER OS PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS E INCORPORAR ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

Tendo en conta o recollido nos artigos 16 e 17 do D.155/2022, establécense unha serie de indicacións e criterios para o desenvolvemento dos principios pedagóxicos e os elementos transversais na realidade concreta do noso centro.

Na **AVALIACIÓN INICIAL** se detectarán os diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe do grupo co obxectivo de atender a diversidade de todo o alumnado coas medidas ordinarias que se consideren oportunas.

Nas aulas deseñaranse **TAREFAS INTEGRADAS** relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real implicando así contidos e destrezas de distintas áreas de coñecemento que permitan ao alumnado avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

En relación ao deseño de actividades, ao longo do curso escolar deseñaranse un **PROXECTO INTERDISCIPLINAR DE CENTRO** cunha temática próxima ao alumnado e que permita relacionar aprendizaxes coa realidade natural, social e cultural da contorna. A biblioteca escolar será dinamizadora deste proxecto, aportando referencias bibliográficas e actividades concretas. No desenvolvemento do proxecto, poderán realizarse actividades e produtos por aula, nivel ou ciclo, construíndo aprendizaxes conxuntos.

Desde as aulas terase en conta o **CURRÍCULO INTEGRADO DAS LINGUAS**, recollido no Proxecto Lingüístico. Neste senso, favorecerase unha aprendizaxe competencial das linguas, cun equilibrio entre a lingua galega, castelá e inglés. Desenvolveranse todas as destrezas e habilidades lingüísticas, evitando a repetición de tarefas e contidos en diferentes linguas e contribuindo a un desenvolvemento comunicativo plurilingüe.

Do mesmo xeito, establecerase un **TEMPO DIARIO DE LECTURA** no horario, no que se desenvolverán diferentes estratexias de aproximación á lectura (lectura libre, en voz alta, en silencio, individual, gran grupo...) e no que todo o profesorado do centro estará implicado, dun xeito rotativo e equilibrado. Poderá empregarse o tempo de ler en ocasións para a celebración de diferentes actividades ou tarefas de xeito transversal, así como para a introdución e fomento de outros elementos transversais.

Tamén se porá o foco na contribución aos **OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE**, que representan principios básicos para pór fin á pobreza, protexer o planeta e garantir que todas as persoas convivan en paz e prosperidade. O traballo destes obxectivos nas aulas contribuirá ao desenvolvemento de persoas críticas, conscientes das problemáticas mundiais e con iniciativa á procura de solucións. Introduciranse de forma transversal ao longo de toda a etapa de Ed. Primaria.

Para asegurar o traballo de todos os elementos transversais recollidos no D.155/2022 ao longo de toda a etapa, sen facelo de xeito rutinizado, sen significatividade ou de forma repetitiva, o centro diseña unha distribución destes elementos en función das áreas. Cada equipo docente decidirá o xeito de traballar os devanditos elementos, introducíndoos nas correspondentes programacións didácticas.



Áreas	Elementos transversais
Todas as áreas	Comprensión lectora Expresión oral e escrita Comunicación audiovisual Competencia dixital Fomento da creatividade Espírito científico Emprendemento Igualdade entre mulleres e homes Educación para a paz Educación para o consumo responsable Desenvolvemento sustentable Educación para a saúde Creatividade, autonomía, traballo en equipo e sentido crítico
Ciencias Sociais	Valores que sustentan a liberdade, xustiza, igualdade, pluralismo político, democracia, respecto polos dereitos humanos e rexeitamento a calquera tipo de violencia
Áreas lingüísticas	Non discriminación, igualdade, rexeitamento de estereotipos e contidos sexistas
Matemáticas e Ciencias Naturais	Espírito emprendedor e iniciativa empresarial

## 5. ASPECTOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE A METODOLOXÍA.

Para poder tomar decisións sobre o deseño do proceso de ensino-aprendizaxe nas aulas, partírase dos principios e orientacións en relación ao enfoque metodolóxico que se recollen nas principais referencias lexislativas: LOMLOE, D.155/2022 (orientacións pedagóxicas da etapa e das áreas), Decreto 229/2011, do 7 de setembro, polo que se regula a atención á diversidade e a Orde do 8 de setembro de 2021 que o desenvolve.

A interdisciplinidade, integrando e globalizando os coñecementos, habilidades, destrezas e aprendizaxes, será un dos eixos vertebradores do proceso de e-a. Un proceso que debe partir do nivel de desenvolvemento psicoevolutivo no que se atopa o alumnado e ter en conta e atender aos diferentes ritmos, estilos, necesidades, capacidades, intereses e motivacións de todos eles, contribuíndo á personalización da aprendizaxe. Esta consideración promoverá e fomentará a autonomía, responsabilidade e construción da aprendizaxe, sempre que se teñan en conta os coñecementos previos creando unha aprendizaxe significativa e incidindo sobre a zona de desenvolvemento próximo.

Para todo isto, debemos deseñar tarefas de aprendizaxe integradas que contribúan a un desenvolvemento competencial, relacionadas coa resolución de problemas da vida real e que dean un impulso ao traballo cooperativo. A través de este deseño, poderase facer fincapé na atención á diversidade de todo o alumnado, eliminando barreiras para a participación e a aprendizaxe e poñendo en marcha mecanismos de atención temperá das dificultades.



O Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA) será o enfoque sobre o que construír as situacións de aprendizaxe, promovendo contextos flexibles, axeitados e cambiantes segundo as necesidades, características e momentos do propio alumnado. Para este deseño multinivel é moi importante a toma de decisións sobre os tempos, os espazos e os materiais a empregar a longo do proceso de e-a. Tempos, espazos e materiais deben ser variados, reais, auténticos, relacionados coas actividades diarias do alumnado, permitindo tamén a implicación e participación das familias neste proceso. Para este deseño debemos partir da integración de coñecementos, destrezas e actitudes a través dun aprendizaxe competencial, no que a lectura antóllase fundamental para o seu desenvolvemento.

A toma de decisións sobre os recursos e estratexias metodolóxicas estará baseada e fundamentada nas concrecións anteriores, especificándose nas correspondentes programacións didácticas.

En todo caso, establécense dos eixos principais nesta toma de decisións:

1. Aprendizaxe cooperativa. Esta organización e xestión da aula estará presente no deseño de situacións de aprendizaxe diarias na aula, introducindo dinámicas, estruturas e avaliación de xeito progresivo ao longo da etapa. Esta organización na aula permitirá a contribución ás habilidades sociais e á convivencia positiva do alumnado, entendendo o traballo en equipo como medio e como contido propio da etapa.
2. Aprendizaxe baseada en proxectos. Esta organización permite o desenvolvemento curricular desde os intereses e motivacións do alumnado, investigando na procura de elaborar produtos socialmente relevantes. Cando menos, as áreas de Ciencias Naturais e Ciencias Sociais terán un carácter principalmente práctico co deseño de tarefas que permitan resolver problemas ao mesmo tempo que o alumnado pode afondar en coñecementos e aprendizaxes reais. Poderán incorporarse criterios e aprendizaxes doutras áreas, procurando o deseño de situacións competenciais e globalizadas.

En todo caso, a metodoloxía empregada polo profesorado deberá especificarse nas programacións didácticas e deberá axustarse ás orientacións e criterios recollidos no apartado 4 desta concreción curricular.

## **6. DECISIONS DE CARÁCTER XERAL SOBRE OS MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.**

A selección e uso de materiais e recursos didácticos constitúe un aspecto esencial da metodoloxía. O profesorado débese implicar na elaboración e deseño de diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, co obxecto de atender á diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes.

Potenciarase o uso dunha variedade de materiais e recursos motivadores e enriquecedores para o alumnado, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe que permiten o acceso a recursos virtuais.

Ofreceremos ao alumnado material estimulante, variado e versátil, que permita múltiples usos e descubrimentos e que sirva para desenvolver as diferentes dimensións da súa personalidade: afectiva, psicomotriz, intelectual e social:

- Uso habitual das TIC:
  - Aplicacións sinxelas que permiten a realización de diferentes tarefas.
  - Recursos audiovisuais, imaxes, fotografías e vídeos, etc.
  - Uso de actividades interactivas, animacións, vídeos,...
  - Libros dixitais.



- Televisión na entrada do centro.
- EVA (Entorno Virtual de Aprendizaxe) para 5º e 6º de Primaria. EDIXGAL.
- Aula virtual, Web do centro e blogues de aula.
- Materiais e recursos manipulativos.
- Xogos didácticos.
- Material de refugallo.
- Materiais da contorna, ambientais, aportados por alumnado, familias, profesorado e asociacións.
- Materiais elaborados polos docentes.
- Recursos persoais externos ao centro: familias, asociacións, Concello, Administración educativa.
- Cadernos de traballo e investigación.
- Material fotocopiado, imaxes.
- Material funxible preciso en cada titoría.
- Biblioteca do centro e de aula.
- Espazos do centro, aulas específicas e outras estancias comúns, interiores e exteriores
- Horta escolar.
- Material de apoio das diferentes editoriais e libros de texto no curso 22-23.

Curso	Área	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua
1º	MÚSICA	CADERNO DE MÚSICA NOVO TIROIRO CONSTRUIENDO MUNDOS SANTILLANA 2022	978-84-9185-522-4	GAL
1º	MATEMÁTICAS	CUADERNILLOS DE MATEMÁTICAS (PROXECTO CONSTRUYENDO MUNDOS)	978-84-680-7126-8	CAST
		1º TRIMESTRE	978-84-680-7133-6	
		2º TRIMESTRE	978-84-680-7117-6	
1º	LINGUA	LECTOESCRITURA. LINGUA. ED. SANTILLANA. PROXECTO CONSTRUIENDO MUNDOS	978-84-9185-399-2	GAL
		1º TRIMESTRE	978-84-680-1274-2	
		2º TRIMESTRE	978-13-8005-166-0	
1º	RELIXIÓN	RELIGION CATOLICA 1º CONSTRUYENDO MUNDOS SANTILLANA 2022	978-84-680-7142-8	CAST
2º	MÚSICA	CADERNO DE MÚSICA TIROIRO SANTILLANA 2021	978-84-9185-368-8	GAL
2º	LINGUA	ENSALADA DE LETRAS. EDITORIAL SM	978-84-9854-683-5	GAL
2º	LENGUA	CUADERNILLOS DE LENGUA CASTELLANA. EDITORIAL SANTILLANA	978-84-680-4366-1	CAST
		1º TRIMESTRE	978-84-680-4385-2	
		2º TRIMESTRE	978-84-680-4382-1	
2º	LINGUA	EXPRESIÓN ESCRITA. 1. EDITORIAL LA CAJESA	978-84-8105-154-4	CAST
2º	MATEMÁTICAS	CUADERNILLOS DE MATEMÁTICAS. EDITORIAL SANTILLANA	978-84-680-4532-0	CAST
		1º TRIMESTRE	978-84-680-4531-3	
		2º TRIMESTRE	978-84-680-4539-9	
2º	INGLÉS	KIDS CANI 2 PUPIL'S BOOK MACMILLAN	978-138-0051-790	ING
2º	RELIXIÓN	RELIGIÓN CATÓLICA 2ª SERIE BRUJULA SANTILLANA	978-84-680-4884-0	CAST
3º	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS 3ª OPERACIÓN MUNDO ANAYA (TRES TRIMESTRES)	978-84-698-9961-8	CAST
3º	GALEGO	LINGUA GALEGA 3º CONSTRUIENDO MUNDOS SANTILLANA (TRES TRIMESTRES)	978-84-9185-409-8	GAL
3º	SOCIAIS	CIENCIAS SOCIAIS 3º CONSTRUIENDO MUNDOS SANTILLANA	978-84-9185-416-6	GAL
3º	NATURAIS	CIENCIAS DA NATUREZA 3º CONSTRUIENDO MUNDOS SANTILLANA	978-84-9185-410-4	GAL
3º	RELIXIÓN	RELIGIÓN 3º CONSTRUYENDO MUNDOS SANTILLANA	978-84-680-7143-5	CAST
3º	INGLÉS	KIDS CANI 3 PUPIL'S BOOK MACMILLAN	978-13-800-7286-3	ING
		KIDS CANI 3 ESSENTIAL ACTIVITY BOOK MACMILLAN	978-13-800-5293-3	
3º	MÚSICA	CADERNO MÚSICA NOVO TIROIRO CONSTRUIENDO MUNDOS SANTILLANA 2022	978-84-9185-525-5	GAL
	DICCIONARIO	NOVO DICCIONARIO DA LINGUA GALEGA OBRADOIRO SANTILLANA	978-84-9972-003-6	GAL
4º	MATEMÁTICAS	APRENDER ES CRECER. ANAYA	978-84-678-7781-6	CAST
4º	LINGUA	PROXECTO SABER FACER OBRADOIRO SANTILLANA	978-84-9972-616-8	GAL
4º	LENGUA	LECTURAS COMPRENSIVAS 11 ATENCIÓN A LA DIVERSIDAD TEXTOS 5 GEU	978-84-17748-98-2	CAST
		LECTURAS COMPRENSIVAS 12 ATENCIÓN A LA DIVERSIDAD TEXTOS 6 GEU	978-84-17748-99-9	
4	INGLÉS	KIDS CANI 4 ESSENTIAL ACTIVITY BOOK MACMILLAN	978-138-0053-206	ING
4º	RELIXIÓN	ABBACANTO 3.0 4ª ALGAIDA	978-849067598-4	CAST
4º	SOCIAIS	CIENCIAS SOCIAIS 4 ANAYA	978-84-678-8021-2	GAL
4º	NATURAIS	CIENCIAS DA NATUREZA 4 ANAYA	978-84-678-8017-5	GAL
4º	MÚSICA	CADERNO MÚSICA TIROIRO SANTILLANA 2021	978-84-9185-371-8	GAL
	DICCIONARIO	NUEVO DICCIONARIO ESCOLAR LENGUA ESPAÑOLA SANTILLANA	978-84-680-0157-9	CAST
5º	MATEMÁTICAS	LABORATORIO DE COMPETENCIA MATEMÁTICA 5 SANTILLANA	978-84-680-2766-1	CAST
5º	MÚSICA	CADERNO MÚSICA NOVO TIROIRO CONSTRUIENDO MUNDOS SANTILLANA 2022	978-84-9185-521-7	GAL
5º	LINGUA	FERNÁNDEZ GARCÍA, CÉSAR. A MAXIA DO SAMURAI. ED BRUÑO	978-84-696-2321-3	GAL
		A MAXIA DO SAMURAI XOGO DE LECTURA	978-84-696-1651-2	
5º	INGLÉS	KIDS CANI 5 ESSENTIAL ACTIVITY BOOK MACMILLAN	978-13-800-5347-3	ING
6º	MATEMÁTICAS	LABORATORIO DE COMPETENCIA MATEMÁTICA 6 SANTILLANA	978-84-680-2759-3	CAST
6º	MÚSICA	CADERNO MÚSICA TIROIRO	978-84-9185-369-5	GAL
6º	LINGUA	FERNÁNDEZ GARCÍA, CÉSAR. A MAXIA DO SAMURAI. ED BRUÑO	978-84-696-2321-3	GAL
		A MAXIA DO SAMURAI XOGO DE LECTURA	978-84-696-1651-2	



## 7. CRITERIOS PARA O DESEÑO DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.

Considéranse actividades complementarias as planificadas polo profesorado que utilicen espazos ou recursos diferentes ao resto de actividades ordinarias, aínda que precisen tempo adicional do horario non lectivo para a súa realización.

Son un complemento do currículo e traballaranse impregnadas dentro do mesmo. Serán avaliábeis para os efectos académicos e obrigatorias tanto para o profesorado como para o alumnado. Non obstante, terán carácter voluntario para o alumnado cando se realicen fóra do centro ou precisen achegas económicas das familias, caso nos que se garantirá a atención educativa dos alumnos que non participen nelas.

Para as saídas fóra do centro en horario lectivo, cada grupo de alumnado irá acompañado pola persoa titora e un docente especialista. No caso de alumnado NEE asistirá o persoal auxiliar coidador do centro se houberse, priorizando as necesidades segundo as necesidades e características do alumnado participante xunto co informes do DO.

As saídas fóra do centro en horario non lectivo, serán organizadas polo equipo directivo en función das necesidades e dispoñibilidades docentes e PAS, e teranse en conta as características especiais de dita actividade.

Para calquera saída do centro, as familias asinarán unha autorización a inicio de curso que sirva para todas as que se realicen neste período de tempo e dentro da contorna. Aquelas actividades que requiran o uso do transporte contarán cunha autorización expresa na semana previa á realización. As familias aportarán o custo daquelas actividades que non poidan ser gratuítas, incluído o prezo de bus, procurando un equilibrio nas mesmas. Se por algunha circunstancia algún alumno/a despois de aportar a cantidade económica para o traslado en autobús non asiste á saída, non se poderá devolver a parte correspondente ao transporte pero si o custo da entrada, en caso de existir. Todas aquelas circunstancias especiais que non permitan a asistencia dun alumno/a por non poder dar a súa correspondente aportación económica, serán resoltas no claustro.

O propósito das actividades complementarias son:

- Completar a formación que recibe o alumnado nas actividades curriculares.
- Mellorar as relacións entre alumnado e axudarlles a adquirir habilidades sociais e de comunicación.
- Permitir a apertura do alumnado cara ao contorno físico e cultural que o rodea.
- Contribuír ao desenvolvemento de valores e actitudes adecuadas relacionadas coa interacción e o respecto cara aos demais, e o coidado do patrimonio natural e cultural.
- Estimular o desexo de investigar e saber.
- Favorecer a sensibilidade, a curiosidade e a creatividade do alumnado.
- Espertar o sentido da responsabilidade nas actividades nas que se integren e que realicen.

O Plan anual de actividades complementarias, figurará na PXA de cada curso.

Haberá un equipo de ACE cunha persoa responsable que coordinará o deseño das actividades e será o responsable de redactar o documento anual.

Todos os equipos e dinamizacións participarán na organización das actividades, polo que ao inicio do trimestre haberá unha reunión de responsables e coordinadores co equipo directivo do centro para planificar, organizar e facer propostas para as actividades do trimestre.





As propostas levaranse aos equipos de ciclo para posibles achegas, e posteriormente aos equipos de dinamización para colaborar conxuntamente na distribución de tarefas. Serán aprobadas pola CCP, Claustro e Consello Escolar.

Tentarase fomentar a colaboración de toda a comunidade educativa, organización e institucións do entorno e participar nas propostas que chegan de organismos como o concello de Gondomar a Administración Educativa e outros organismos e institucións colaboradoras.

Segundo recolla a corresponden orde legislativa correspondente, celebraranse, a nivel de centro ou a nivel de aula todas as conmemoración publicadas no calendario escolar de cada curso. De xeito rotatorio, cada ciclo afondará dun xeito especial nalgunha delas, tentando entre todo o centro acadar uns produtos socialmente relevantes, pero coa participación de todo o alumnado nas conmemoracións máis relevantes.

En todas elas se fomentará o uso do galego. Anualmente afondarase dun xeito especial nalgunha festa tradicional galega: magosto, Entroido, Maíos, etc.

Coincidindo co remate de trimestre (Nadal e Fin de curso), unha actividade será a que sirva de peche a este período do curso. Anualmente trataranse de variar sen caer na repetición.

Dende os equipos (Biblioteca, ACE e EDLG) ou a nivel de aula poden xurdir outros proxectos. A nivel de centro vincularanse as propostas de actividades ao PDI (Proxecto Documental Integrado) promovido desde a Biblioteca anualmente e establecido de forma consensuada no claustro. A temática xirará en torno a temas de actualidade (anos Internacionais de..., sostibilidade, saúde, intereses do profesorado, alumnado e familias). Procurarase o deseño de actividades que promovan un proxecto interdisciplinar, globalizado, colaborativo e cooperativo entre toda a comunidade educativa con produtos finais relevantes.

## 8. REFORZO EDUCATIVO E APOIO DO PROFESORADO CON DISPOÑIBILIDADE HORARIA

*No Artigo 48 da ORDE do 8 de setembro de 2021 polo que se desenvolve o DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, recóllese o seguinte:*

Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

1. O reforzo educativo é unha medida de atención á diversidade que afecta a secuencia de contidos, as formas e os instrumentos de avaliación, a organización da aula, o agrupamento do alumnado e todo o incluído dentro do ámbito da metodoloxía. Está destinado ao alumnado que coa modificación dos elementos citados pode seguir o proceso ordinario de ensino e de aprendizaxe.

2. As medidas de reforzo educativo debe elaboralas a profesora ou o profesor que imparten a área, a materia, o ámbito ou o módulo en que a alumna ou o alumno necesiten esa medida, co coñecemento do profesorado titor, e este deberá informar a xefatura de estudos e a nai, o pai ou as persoas titoras legais do alumnado.

3. O desenvolvemento das medidas de reforzo educativo levarase a cabo no contexto escolar ordinario e polo profesorado que imparta a área, a materia, o ámbito ou o módulo. En determinados casos, o reforzo educativo do profesorado que imparta a área, a materia, o ámbito ou o módulo pode contar coa colaboración de profesorado con dispoñibilidade horaria, que actúa como un apoio xeral ao conxunto da aula.

4. Con carácter xeral, as medidas de reforzo educativo reflectiranse nos documentos oficiais de avaliación do alumnado. Ao final de cada curso, o profesorado, coordinado pola persoa titora, elaborará un informe individual dos reforzos educativos levados a cabo, segundo o modelo deseñado polo departamento de orientación do centro docente, que será arquivado no Expediente do alumnado e no Departamento de orientación.



Seguirase o ANEXO A DE REFORZOS EDUCATIVOS que figura ao final deste documento

Cando un alumno/a promocióne con algunha área pendente farase seguimento do recollido no Informe Individual de Reforzo Educativo trimestralmente, quedando constancia nas sesións de avaliación. Cando algunha das áreas non aprobadas se superen en cursos superiores, consideraranse recuperadas para todos os efectos.

## 9. CRITERIOS PARA O DESEÑO DE PLANS ESPECÍFICOS DE REFORZO OU PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO QUE DEBA PERMANECER UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO, DE SER O CASO.

Cando un alumno/a deba permanecer no mesmo curso elaborárase un Plan Individualizado segundo o recollido na Orde de 8 de setembro de 2021 e seguindo o modelo elaborado e incluído nos Anexos deste documento. Farase seguimento do recollido no Informe trimestralmente, quedando constancia nas sesións de avaliación.

**A información deste apartado, deberá incluírse no PXAD.**

**A ORDE do 8 de setembro de 2021 recolle:**

1. Cando unha alumna ou un alumno de educación primaria permaneza un ano máis no mesmo curso, debe seguir un plan específico de reforzo, que ten como **finalidade atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición**. Este plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.
2. O plan específico de reforzo debe incluír, cando menos:
  - a) Identificación da alumna ou do alumno.
  - b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
  - c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
  - d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
  - e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
  - f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
  - g) Acreditación da información á familia.
3. En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

Desenvolverase **no marco da aula ordinaria** e se porán en marcha mecanismos para que o alumno/a recupere os hábitos e coñecementos non adquiridos nas áreas nas que ten dificultades. Incidirase na consecución das competencias básicas, especialmente na capacidade de comprensión e expresión do alumnado e na resolución de problemas, sentando as bases de todo o aprendizaxe posterior.

### OBXECTIVOS

O obxectivo xeral do Plan é que o alumnado recupere os hábitos e coñecementos non adquiridos e sente as bases de todo o aprendizaxe posterior.

Para iso se establecen os seguintes obxectivos máis concretos:

- Favorecer o rendemento e a aprendizaxe do alumnado.





- Contribuír ó desenvolvemento integral do colectivo ao que se dirixe o Plan nos distintos ámbitos: físico, social, emocional, cognitivo e lingüístico.
- Motivar ao alumnado cara a consecución de logros na súa aprendizaxe, partindo dun certo grao de éxito nas tarefas formativas que se lle encomende.
- Desenvolver no alumnado habilidades sociais, hábitos de traballo individual e a aprendizaxe de técnicas de estudo que conduzan ao logro da competencia de aprender a aprender, como base para o desenvolvemento das outras competencias básicas.
- Proporcionar novas estratexias de organización no grupo e estimular a intervención na aula.
- Implicar ás familias na posta en marcha das actuacións previstas no programa.

## DURACIÓN DO PLAN. FASES

- 1.1. Fase diagnóstica (mes de xuño)
- 1.2. Fase de inicio (mes de setembro – outubro)
- 1.3. Fase de seguimento (resto do curso)
- 1.4. Fase final ou avaliación (xuño)
- 1.5. Fase de revisión (primeiro trimestre do curso seguinte)

### 1.1. Fase diagnóstica (mes de xuño)

Na última sesión de avaliación e dentro do proceso de ensino aprendizaxe, o equipo docente, atendendo ó exposto sobre promoción na Orde que desenvolve o currículo da Educación Primaria, adoptará as decisións sobre que alumnado, por presentar dificultades e problemas na aprendizaxe, vai permanecer un curso ano máis no mesmo curso e, participará no Plan.

No Informe de Avaliación Final, recollerá toda a información do alumno/a que poida ser relevante e que facilite o coñecemento das dificultades que amosa na súa aprendizaxe, o grao de desenvolvemento das competencias básicas e obxectivos xerais, e as propostas de mellora.

A persoa orientadora proporcionará ao profesorado titor un Informe para o DO.

O profesorado titor poderá recomendar ás familias materiais para o traballo durante o verán. Se a familia o demanda e existe un compromiso se poderá proporcionar algúns materiais concretos dende o Centro. Principalmente as actividades irán enfocadas á adquisición de hábitos de estudo e ó traballo das materias instrumentais.

### 1.2. Fase de inicio (mes de setembro – outubro)

Ao comezo do curso a secretaría entregará a documentación de cada titoría cos informes do curso anterior.

Nas primeiras semanas o equipo docente realizará a avaliación inicial do seu alumnado, e posteriormente realizaranse as reunións pertinentes en coordinación co DO para planificar as actuacións necesarias e deseñar, tomando como referente toda a información dispoñible, un Plan Individualizado para aplicar dentro da aula ordinaria. Nel se planificarán as actuacións e recursos ordinarios para a atención do alumno/a repetidor/a e no que quedará recollida toda a información relevante do alumnado coa finalidade de sistematizar o seu seguimento.

O profesorado que interven na aula, coordinado polo profesorado titor, iniciará a aplicación do Plan para cada alumno, en función das necesidades que presente.

Establecerase unha entrevista inicial coa familia na que se fixará un compromiso por escrito de colaboración.

### 1.3. Fase de seguimento (resto do curso)

O profesorado titor levará á práctica estratexias organizativas e de funcionamento de traballo coordinado segundo as Programacións para o Plan Individual.

Teranse en conta na organización das experiencias de aprendizaxe:



- A repetición continuada para favorecer o afianzamento. É o caso do hábito lector e as operacións matemáticas.
- Os coñecementos previos, para construír sobre o aprendido e adquirir cada vez máis complexos de habilidades.
- O consenso e a unificación de criterios entre o profesorado, para o cal é imprescindible a coordinación e o intercambio de información.

Durante esta fase de traballo diario dentro da aula, levarase a cabo un seguimento personalizado de cada alumno/a para comprobar a efectividade das estratexias planificadas ou a recondución das mesmas.

Trimestralmente, nas reunións ordinarias do equipo docente realizarase un seguimento do grao de consecución do Plan e se incorporarán as modificacións e melloras que se consideren oportunas.

As decisións deberán quedar reflectidas no apartado do Plan que faga referencia ao seguimento do mesmo.

Nas sesións de avaliación valorarase o traballo desenvolvido polo alumnado nese trimestre. De igual modo, nas reunións do DO se revisará a súa situación periodicamente.

#### **1.4. Fase final ou avaliación (xuño)**

Os indicadores de avaliación do alumno/a se construírán tendo en conta os seguintes aspectos:

- Progreso nos resultados das avaliacións: número de áreas con cualificación global positiva conseguidos polo alumno/a con respecto á avaliación do curso anterior.
- Progreso na avaliación en canto a actitude.
- Autoestima e confianza en si mesmo.
- Relación do alumno/a co profesorado.
- Relación cos iguais.

Tamén se levará a cabo a valoración do propio Plan.

#### **1.5. Fase de revisión (primeiro trimestre do curso seguinte)**

Dende o DO farase o seguimento do alumnado no curso seguinte. No caso de 6º de E. Primaria se axuntarán os resultados das actuacións do Plan ó informe individualizado da aprendizaxe para que no centro de ESO poida continuar a súa aprendizaxe sen dificultades.

### **DESTINATARIOS**

Serán destinatarios do Plan Específico de Reforzo e Recuperación:

1. O alumnado de Educación Primaria que, escolarizado no centro deba permanecer un curso adicional en calquera ciclo da etapa.
2. O profesorado do centro, e sobre todo, os mestres titores/as que se farán cargo do Plan.
3. As familias, que deberán adquirir o compromiso explícito de colaborar co centro e garantir o seguimento do Plan levado a cabo cos seus fillos/as, dado que os seus beneficios repercutirán na súa propia estima persoal e na familia.

### **ORGANIZACIÓN**

O centro promoverá compromisos educativos entre as familias ou titores legais e o propio centro nos que se consignan as actuacións que conxuntamente se comprometen a desenvolver para mellorar o rendemento académico do alumnado participante no programa.

As programacións docentes incluirán o Plan Específico de Reforzo e Recuperación ó alumnado que non promociona de curso, que se corresponde co presente documento.

Este Plan pretende servir de base para a elaboración de plans de intervención de materiais de traballo para que este alumno poida superar ás súas dificultades escolares, tendo en conta os recursos e o contexto sociocultural e familiar do centro.

Fomentarse a coordinación entre o profesorado, equipo directivo, DO e familia.



## PROFESORADO

O profesorado titor será o referente fundamental deste alumnado para levar a cabo o programa con éxito. Debe ser o mediador que favoreza a integración do alumnado no novo grupo.

En calquera caso, levaranse a cabo por parte do profesorado titor:

- Funcións de guía e orientación. Proporcionándolles no seu caso os materiais axeitados.
- Estimularán ao alumnado para que alcance polo seu propio esforzo os obxectivos marcados.
- Axudarán ao alumnado na organización do traballo e na adquisición de hábitos de estudo.
- Valorarán o seu esforzo e constancia.
- Desenvolverán o Plan fomentando no traballo de aula a manipulación, observación, experimentación e concreción verbal das actividades.
- Potenciará no alumnado as súas capacidades e a suficiente responsabilidade como para enfrontarse con éxito a diferentes situacións.

Poderanse establecer protocolos dentro da organización xeral do centro para contar co profesorado con dispoñibilidade horaria para realizar puntualmente algún **reforzo dentro da aula nas áreas instrumentais**.

Estableceranse reunións periódicas entre o profesorado titor e a familia do alumnado sobre o que se aplica o Plan e analizarase o avance respecto ao curso anterior, recollendo os temas tratados e os acordos.

## NA AULA

As actuacións que se realicen seguindo o Plan deberán estar integradas na programación docente, implicando ao profesorado que entra na aula e tamén ao resto de axentes educativos.

- Farase especial fincapé nas actividades que permitan adquirir as habilidades de lectura comprensiva, expresión escrita e oral, conceptos e operacións matemáticas básicas e resolución de problemas, reforzando estes aspectos en todas as áreas.
- Traballarase na clase de modo organizado, realizando actividades que conduzan á adquisición de hábitos de traballo e estudo, incidindo no empeño de conseguir os propósitos e valorando o seu esforzo.
- Durante as áreas instrumentais realizaranse actividades programadas de consolidación dos coñecementos esenciais, graduando a dificultade en función do grao de adquisición das competencias básicas.

Teranse en conta algúns dos problemas máis comúns ós que se enfronta ó alumnado:

- Escasa capacidade receptiva e memorística.
- Falta de interese por aprender co conseguinte abandono.
- Falta de ambiente de estudo na casa, o que repercute negativamente na motivación.
- Pouca axuda en casa por problemas familiares.
- Pouco sentido da responsabilidade.
- Non saben estudar ou teñen falta de hábito de estudo.
- Non aproveitan o tempo nin saben organizarse.
- Problemas coa competencia lingüística.
- Deficiencias emocionais.
- Incumprimento das normas.
- Poucos estímulos culturais.
- Poucas actividades educativas para o tempo de ocio.
- Moitas horas sos na casa debido ao traballo dos pais.

Se o profesorado titor o considera oportuno, podería introducir como estratexia metodolóxica a **titoría entre iguais**, onde un alumno máis avantaxado pode axudar aos seus compañeiros, revisando o profesorado a dinámica do traballo.



Tamén é interesante que un compañeiro responsable poida confirmar periodicamente que o alumno/a anota as tarefas e traballos na axenda e a supervisión da mesma por parte do profesorado de apoio co que está a traballar.

### TRABALLO COAS FAMILIAS

É necesaria a colaboración entre a familia e a escola para que o potencial educativo de ambas institucións se vexa reforzado, aporte confianza e se favoreza o desenvolvemento xeral do alumnado, e consecuentemente, a boa disposición cara as aprendizaxes.

Dende o centro o profesorado titor debe incidir nas familias para que sexan conscientes de que eles poden influír positivamente no éxito escolar dos seus fillos e tratar de conseguir a súa implicación nas tarefas escolares, para o cal adquirirán o compromiso explícito de colaborar co centro e garantir o seguimento do Plan.

Polo tanto, a familia comprometerase a interesarse polo traballo escolar do alumno/a, a que asista continuamente ó centro cos materiais necesarios, o seguimento da axenda escolar e realización das tarefas propostas nela, entrevistas periódicas profesorado, etc.

Entre os criterios para traballar a coordinación coa familia dende distintos aspectos, deberase polo menos incluír:

1. Destacar aspectos positivos do alumnado.
2. Non culpabilizar.
3. Consensuar metas. Establecer estratexias para informar á familia dos obxectivos e tomar acordos para logralos.
4. Dende as titorías deberase facer un esforzo especial para a coordinación cos mestres de apoio e ter un seguimento exhaustivo e constante dende o inicio de curso. Convocarase unha serie de entrevistas entre o profesorado titor e as familias, coa posibilidade de que poida asistir algún membro do DO para analizar os avances e dificultades do alumnado e para valorar o seguimento do Plan.
5. Tamén pode resultar interesante para o mestre da materia onde o alumno/a amosa dificultades o intercambio de información con respecto ás persoas que traballan co alumno fóra do centro (gabinete, educadora familiar, etc...).
6. Confianza e valoración mutuas para potenciar a calidade nas comunicacións.
7. Proporcionar orientacións ás familias sobre como axudar ós seus fillos/as:
  - Inculcar unha actitude positiva cara as tarefas escolares.
  - escoitar ós fillos/as, tentando captar a mensaxe do que quere transmitir.
  - Propoñer metas que poidan alcanzar.
  - Motivalos para a consecución de logros e superación de dificultades e valorar o esforzo e os logros, por pequenos que parezan.
  - Expresar cariño verbal e fisicamente.

### MATERIAL DE APOIO. RECURSOS

En canto aos recursos persoais, contarase sempre que sexa posible, co profesorado que teña dispoñibilidade horaria, para realizar reforzos nas áreas instrumentais.

Como recursos materiais, o profesorado empregará os que mellor se adapten ás características de cada alumno/a:

- Material de aula.
- Cadernos específicos e individuais de traballo, axenda.
- Xogos.
- Biblioteca e espazos do Centro.
- Equipos informáticos.
- Materiais da aula de Pedagogía Terapéutica e do D.O.
- Outros.



O profesorado titor deberá buscar, en coordinación co profesorado de apoio e DO, os materiais máis oportunos e programarán as actividades para que o alumno/a poida lograr os obxectivos propostos no seu programa específico.

Haberá que preparar un plan específico para traballar durante o verán, centrado naquelas materias que non superaron ao longo do curso. Estas actividades estarán tamén enfocadas á adquisición de hábitos de estudo e traballo. Daráselle maior importancia ás materias instrumentais (linguas e matemáticas).

## VALORACIÓN DO PLAN

Ao longo do mes de xuño realizarase a valoración da aplicación do Plan e do progreso do alumnado participante, por parte do profesorado titor responsable de cada alumno/a.

A valoración do plan incluírase na Memoria Anual do Centro e na memoria e seguimento da Programación Didáctica. Terase en conta:

- O funcionamento do Plan Específico de Reforzo e Recuperación para o alumnado repetidor.
- Os resultados escolares dos alumnos/as e as valoracións do profesorado que intervéñen no Plan, sobre o seu progreso, a súa autoestima, integración social, a mellora con respecto á satisfacción persoal, confianza en si mesmo, relacións cos compañeiros, etc.
- A opinión das familias sobre a súa satisfacción co Plan e a súa percepción sobre a evolución escolar do alumnado participante.

## 10. CRITERIOS XERAIS PARA A AVALIACIÓN E, DE SER O CASO, A PROMOCIÓN E A TITULACIÓN.

### 10.1. Referentes legais.

- ORDE do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.
- Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

### 10.2. Avaliación inicial

Durante o primeiro mes de cada curso escolar a persoa titora realizará unha avaliación inicial, coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión adecuada no seu proceso de aprendizaxe. Farase analizando o expediente do alumnado, observación do traballo diario, fichas, caderno de traballo, probas orais ou escritas se é o caso.

Na última semana do mes de setembro celebraranse as sesións da avaliación inicial para comprobar o nivel nas competencias e a competencia curricular do alumnado. Os resultados reflectiranse no XADE antes de finalizar o primeiro trimestre.

Informarase ás familias dos resultados en reunións de titoría ou vía telefónica durante o mes de outubro e novembro.



Tamén se realizará unha avaliación inicial ao inicio de cada unidade didáctica para partir dos coñecementos previos do alumnado.

### 10.3. Aspectos xerais da avaliación

- Estableceranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, respectando as diferenzas individuais.

- Avaliaranse tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal se establecerán indicadores de logro nas programacións docentes.

- Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

- A avaliación do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

- No proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades.

- A avaliación realizarase seguindo criterios obxectivos:

- Facer públicos os procedementos e os criterios xerais de avaliación e promoción que a comisión de coordinación pedagóxica e o equipo docente establezan.
- Cada equipo docente, ao comezo de cada do curso, informarán o alumnado e ás súas respectivas familias sobre os obxectivos, contidos, procedementos, instrumentos e criterios de avaliación e cualificación das diferentes áreas, incluídas as materias pendentes de cursos anteriores, e os procedementos de recuperación e de apoio previstos. Así mesmo, informarán dos criterios de promoción. A dirección do centro responsabilizarase de que a información sobre a avaliación e os seus procesos sexa accesible e se lle dea publicidade de xeito manifesto para toda a comunidade educativa (web do centro).

- A persoa docente titora e o profesorado das distintas áreas, manterán unha comunicación fluída, no relativo ao proceso de aprendizaxe, co alumnado, as súas persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal.

- Reunións trimestrais de grupo clase.
- Titorías semanas os martes de 18.15 a 19.15 h, presencialmente ou vía telefónica.
- Emprego da axenda.
- Emprego do e-mail corporativo de cada docente.
- Abalar Móbil.
- Web do centro e blogues de aula.
- EVA (Entorno Virtual de Aprendizaxe en 5º e 6º niveis).

### 10.4. Procedementos e instrumentos de avaliación

Os procedementos empregados servirán para obter información cualitativa e cuantitativa do progreso do alumnado nas áreas e nas competencias. A avaliación será criterial, interpretando os resultados en función do alumno/a e avaliando o seu propio progreso. Para cualificar, atendendo aos criterios establecidos, empregaranse os seguintes procedementos e instrumentos de avaliación, entre outros posibles:

- ESCALAS DE VALORACIÓN: Cada unha delas posúe unha numeración de 1 ao 10, en función do grao de consecución do ítem formulado, relacionados cos contidos a traballar. Estas escalas serán específicas para cada unidade didáctica por valorar os contidos traballados nas sesións realizadas.





- ESCALA DE OBSERVACIÓN INDIVIDUAL: Esta escala incluírase en todas as sesións e teranse en conta as seguintes observacións, por considerar que deben cumprirse durante todo o curso: Respecta as normas da clase. Respecta as regras dos xogos e actividades. Respecta aos compañeiros e compañeiras. Presta atención as explicacións do profesor. Esfórzase na realización das actividades e xogos. Os ítems valoráranse do 1 ao 10. Por debaixo do 5 non se considerarán superados os obxectivos.
- REXISTRO ANECDÓTICO PERSOAL O docente utilizará como instrumento de avaliación, ademais, un rexistro anecdótico persoal, no que se rexistrarán as incidencias observadas, os aspectos máis representativos da sesión, dos alumnos/as, que creamos significativos á hora de avaliar. Os resultados da avaliación expresaranse numericamente do 1 ao 10 e por debaixo do 5 non se superan os obxectivos.
- REXISTRO DO TRABALLO DIARIO: control de tarefas diarias no caderno ou material funxible (fichas), chamadas de clase, exposicións orais, axenda, traballo cooperativo... (Valoración do 1 ao 10).
- PORTFOLIOS EN SOPORTE PAPEL E DIXITAL DE EVIDENCIAS DO ALUMNADO. (Valoración do 1 ao 10, por debaixo do 5 non se superan os obxectivos).
- PROBAS COMPETENCIAIS ORAIS OU ESCRITAS para valorar o grao de adquisición de competencias e obxectivos de etapa. (Valoración de 1 ao 10, por debaixo do 5 non se superan os obxectivos).
- EMPREGO DE RÚBRICAS DE AVALIACIÓN: para expresión oral e escrita, comprensión oral e escrita, para aprendizaxe cooperativa. Elaboraranse rúbricas específicas para cada desempeño dunha tarefa, que se especificarán nas programacións docentes.

Para deseñar os instrumentos de avaliación e escoller os procedementos axeitados, serán segundo os criterios de avaliación recollidos para cada área a nivel no Decreto 155/2022 e deberán ser especificados nas Programacións Didácticas ao inicio do curso.

#### 10.5. Sesións de avaliación.

- Cada titor ou titora, coordinará as sesións de avaliación do equipo docente do seu grupo. Tamén asistirá o profesorado que fai reforzos no grupo, un membro do Equipo directivo e a persoa que exerce a Xefatura do DO.
- En cada sesión de avaliación o profesorado avaliará os procesos de ensinanza e a súa práctica docente en relación coa adecuación ao alumnado, co logro dos obxectivos da etapa e co desenvolvemento das competencias. Esta avaliación incluírá, cando menos, os seguintes aspectos:
  - a) Aprendizaxes alcanzadas polo alumnado e procedementos de avaliación.
  - b) Grao de desenvolvemento das programacións docentes, adecuación ao alumnado de cada unha das súas partes e eficiencia das medidas curriculares e organizativas.
  - c) Medidas de atención á diversidade aplicadas.
  - d) Clima de traballo na aula.
  - e) Coordinación do equipo docente e relación co resto da comunidade educativa: profesorado, alumnado e familias.

As conclusións da avaliación dos procesos de ensinanza e da práctica docente poderán incluír propostas de mellora. Unha síntese desas conclusións formará parte da memoria final de cada un dos cursos.

- Os acordos dos equipos de avaliación serán tomados de maneira colexiada.
- Despois de cada sesión de avaliación, cada titor ou titora cubrirá as actas que serán asinadas por todo o profesorado, así como os demais documentos oficiais relativos ao seu grupo.
- As sesións de avaliación deberán celebrarse antes do Nadal no primeiro trimestre, antes de Semana Santa no segundo trimestre, se fose posible, e antes de finalizar o curso, no terceiro trimestre. Levaranse a cabo presencialmente no centro. **Ao inicio de curso a CCP aprobará o calendario de avaliacións que estará exposto no taboleiro da sala de profesorado.**





Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de Insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, Suficiente (SU), Ben (BE), Notable (NT) ou Sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

- Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.
- Suficiente: 5.
- Ben: 6.
- Notable: 7 ou 8.
- Sobresaliente: 9 ou 10.

A nota das cualificacións numéricas trimestrais serán as obtidas despois de realizar os cálculos das porcentaxes dos aspectos a cualificar, especificados nos criterios de cualificación de cada área. En caso de obter números decimais, a nota será redondeada ao número natural máis próximo.

A nota numérica das cualificacións da avaliación ordinaria, será a media ponderada das cualificacións das tres avaliacións, tendo en conta que a avaliación será gradual e continua. A ponderación por áreas e niveis queda reflectida nas seguintes táboas:

#### CRITERIOS DE PONDERACIÓN - AVALIACIÓN ORDINARIA PRIMARIA

NIVEL	MATEMÁTICAS			LINGUA CASTELÁ			LINGUA GALEGA			LINGUA ESTRANXEIRA			CIENCIAS SOCIAIS			CIENCIAS NATUREZA		
	1ª	2ª	3ª	1ª	2ª	3ª	1ª	2ª	3ª	1ª	2ª	3ª	1ª	2ª	3ª	1ª	2ª	3ª
1º EP	20 %	30 %	50 %	20 %	30 %	50 %	20 %	30 %	50 %	20 %	30 %	50 %	20 %	30 %	50 %	20 %	30 %	50 %
2º EP	20 %	30 %	50 %	20 %	30 %	50 %	20 %	30 %	50 %	20 %	30 %	50 %	20 %	30 %	50 %	20 %	30 %	50 %
3º EP	33, 3 %	33, 3 %	33, 3 %	20 %	30 %	50 %	20 %	30 %	50 %	20 %	30 %	50 %	33, 3 %	33, 3 %	33, 3 %	33, 3 %	33, 3 %	33, 3 %
4º EP	33, 3 %	33, 3 %	33, 3 %	20 %	30 %	50 %	20 %	30 %	50 %	20 %	30 %	50 %	33, 3 %	33, 3 %	33, 3 %	33, 3 %	33, 3 %	33, 3 %
5º EP	33, 3 %	33, 3 %	33, 3 %	20 %	30 %	50 %	20 %	30 %	50 %	20 %	30 %	50 %	33, 3 %	33, 3 %	33, 3 %	33, 3 %	33, 3 %	33, 3 %
6º EP	33, 3 %	33, 3 %	33, 3 %	20 %	30 %	50 %	20 %	30 %	50 %	20 %	30 %	50 %	33, 3 %	33, 3 %	33, 3 %	33, 3 %	33, 3 %	33, 3 %

NIVEL	PROXECTO COMPETENCIAL			RELIXIÓN			EDUCACIÓN FÍSICA			EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL			MÚSICA E DANZA		
	1ª	2ª	3ª	1ª	2ª	3ª	1ª	2ª	3ª	1ª	2ª	3ª	1ª	2ª	3ª



1º EP	20%	30%	50%	20%	30%	50%	20%	30%	50%	33,3%	33,3%	33,3%	20%	30%	50%
2º EP	20%	30%	50%	20%	30%	50%	20%	30%	50%	33,3%	33,3%	33,3%	20%	30%	50%
3º EP	33,3%	33,3%	33,3%	33,3%	33,3%	33,3%	33,3%	33,3%	33,3%	33,3%	33,3%	33,3%	33,3%	33,3%	33,3%
4º EP	33,3%	33,3%	33,3%	33,3%	33,3%	33,3%	33,3%	33,3%	33,3%	33,3%	33,3%	33,3%	33,3%	33,3%	33,3%
5º EP	33,3%	33,3%	33,3%	33,3%	33,3%	33,3%	33,3%	33,3%	33,3%	33,3%	33,3%	33,3%	33,3%	33,3%	33,3%
6º EP	33,3%	33,3%	33,3%	33,3%	33,3%	33,3%	33,3%	33,3%	33,3%	33,3%	33,3%	33,3%	33,3%	33,3%	33,3%

Os resultados da avaliación das competencias clave reflectiranse na acta de avaliación final de cada curso, expresándose nos termos de «Insuficiente (IN)», para as cualificacións negativas, e «Suficiente (SU)», «Ben (BE)», «Notable (NT)» ou «Sobresaliente (SB)», para as cualificacións positivas.

As actas reflectirán os resultados da avaliación nos termos establecidos anteriormente e expresarán, de ser o caso, as medidas de reforzo educativo (RE), programa de enriquecemento (PE) ou adaptación curricular (AC) que correspondan.

#### 10.6. Información ás familias

- A persoa titora deberá informar regularmente ás familias do seu alumnado en relación cos progresos e dificultades detectados no desenvolvemento das competencias establecidas na programación docente.
- Trimestralmente, informarase dos resultados das avaliacións por escrito **no boletín de información do Xade** e pola aplicación Abalar Móbil. As **cualificacións só serán publicadas pola aplicación Abalar Móbil**.

#### 10.7. Criterios de cualificación.

Os criterios de cualificación para as diferentes áreas serán especificados polos docentes nas programacións didácticas. Como criterio xeral de centro, e para cada nivel e área son os reflectidos nas seguintes táboas.

#### **PORCENTAXES DE CUALIFICACIÓN: MATERIAS INSTRUMENTAIS E EXPERIMENTAIS**

CICLO	NIVEL	DESEMPEÑO COMPETENCIAL	ACTITUDE E CONVIVENCIA
1º ciclo	1º nivel	65%	35%
	2º nivel	65%	35%
2º ciclo	3º nivel	70%	30%



	4º nivel	70%	30%
3º ciclo	5º nivel	75%	25%
	6º nivel	75%	25%

**PORCENTAXES DE CUALIFICACIÓN: LINGUA ESTRANXEIRA**

CICLO	NIVEL	DESEMPEÑO COMPETENCIAL	ACTITUDE E CONVIVENCIA
1º ciclo	1º nivel	65%	35%
	2º nivel	65%	35%
2º ciclo	3º nivel	70%	30%
	4º nivel	70%	30%
3º ciclo	5º nivel	75%	25%
	6º nivel	75%	25%

**PORCENTAXES DE CUALIFICACIÓN: EDUCACIÓN FÍSICA**

CICLO	NIVEL	DESEMPEÑO COMPETENCIAL	ACTITUDE E CONVIVENCIA
1º ciclo	1º nivel	60%	40%
	2º nivel	60%	40%
2º ciclo	3º nivel	55%	45%
	4º nivel	55%	45%
3º ciclo	5º nivel	50%	50%
	6º nivel	50%	50%

**PORCENTAXES DE CUALIFICACIÓN: EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL**

CICLO	NIVEL	DESEMPEÑO COMPETENCIAL	ACTITUDE E CONVIVENCIA
1º ciclo	1º nivel	65%	35%
	2º nivel	65%	35%
2º ciclo	3º nivel	70%	30%
	4º nivel	70%	30%
3º ciclo	5º nivel	75%	25%
	6º nivel	75%	25%

**PORCENTAXES DE CUALIFICACIÓN: MÚSICA E DANZA**

CICLO	NIVEL	DESEMPEÑO COMPETENCIAL	ACTITUDE E CONVIVENCIA
1º ciclo	1º nivel	65%	35%
	2º nivel	65%	35%



2º ciclo	3º nivel	70%	30%
	4º nivel	70%	30%
3º ciclo	5º nivel	75%	25%
	6º nivel	75%	25%

### **PORCENTAXES DE CUALIFICACIÓN: RELIXIÓN**

CICLO	NIVEL	DESEMPEÑO COMPETENCIAL	ACTITUDE E CONVIVENCIA
1º ciclo	1º nivel	65%	35%
	2º nivel	65%	35%
2º ciclo	3º nivel	70%	30%
	4º nivel	70%	30%
3º ciclo	5º nivel	75%	25%
	6º nivel	75%	25%

### **PORCENTAXES DE CUALIFICACIÓN: PROXECTO COMPETENCIAL**

CICLO	NIVEL	DESEMPEÑO COMPETENCIAL	ACTITUDE E CONVIVENCIA
1º ciclo	1º nivel	65%	35%
	2º nivel	65%	35%
2º ciclo	3º nivel	70%	30%
	4º nivel	70%	30%
3º ciclo	5º nivel	75%	25%
	6º nivel	75%	25%

#### **10.8. Criterios de promoción.**

Ao finalizar os  cursos segundo, cuarto e sexto  da etapa de Primaria, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado,  tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

A promoción no resto de cursos ( primeiro, terceiro e quinto ) da etapa será automática.

O alumnado que acade a promoción de curso con algunha  área con cualificación negativa  recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.

O alumnado que non acade a promoción  permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha  medida de carácter excepcional  e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de adquisición aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de das competencias correspondentes. Esta decisión  só poderá adoptarse unha vez durante



a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a tutoría legal, e terá, en todo caso, carácter excepcional.

Criterios para o tratamento de materias pendentes- Remítense ao apartado 8 do presente documento

Ao finalizar os cursos segundo e cuarto da etapa o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando no seu caso as medidas de reforzo que se deben contemplar no ciclo seguinte.

Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa dun informe elaborado pola súa titora ou polo seu titor sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.

A elaboración do informe ao finalizar os cursos 2, 4º e final de etapa sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo seguinte, recollerán datos relevantes sobre aspectos persoais e académicos do alumnado de cara á promoción ao seguinte ciclo ou etapa, recollendo os seguintes puntos como figura no [ANEXO B DE INFORME FINAL DE CICLO/ETAPA SOBRE A EVOLUCIÓN INDIVIDUAL E O GRAO DE ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS](#) que figura ao final deste documento

#### **Decisión dos criterios de promoción por áreas para os tres ciclos de Primaria:**

Estableceranse tres grupos de áreas:

- Grupo A para designar as áreas de Matemáticas, Lingua Galega e Lingua Castelá.
- Grupo B para designar as áreas de Ciencias Naturais, Ciencias Sociais e Lingua Estranxeira.
- Grupo C para designar as áreas de Educación Plástica e Visual, Música e Danza, Educación Física, Relixión, Proxecto Competencial e Valores Cívicos e Sociais

#### **O alumnado promocionará cando:**

- Acada o desenvolvemento adecuado das competencias básicas así como un axeitado grao de madurez consorte a súa idade, é dicir, cando é avaliado positivamente en todas as áreas de aprendizaxe.
- Cando é avaliado con insuficiente (IN) nunha área.
- Cando é avaliado con insuficiente (IN) nunha área do Grupo A máis outra do Grupo B ou C.
- Cando é avaliado con insuficiente (IN) en dúas áreas do Grupo B ou C.
- Cando é avaliado con insuficiente (IN) nunha área do Grupo B e dúas do grupo C.
- Cando é avaliado con insuficiente (IN) nas tres áreas do grupo B.
- En situacións excepcionais, cando un alumno ou alumna non acade o desenvolvemento adecuado das competencias, pero debido a circunstancias especiais se considera que debería promocionar ao curso ou etapa seguinte, poderá facelo sempre e cando se conte cun informe favorable do equipo de orientación e cun informe de cada mestre que imparte docencia nese grupo argumentando o seu posicionamento. A decisión final será a acordada polo 100% dos compoñentes da comisión de avaliación tras valorar estes informes.
- Na sesión de avaliación valoraranse, de ser o caso, as medidas extraordinarias que precise o alumnado para o seguinte curso cando teña materias suspensas na avaliación ordinaria (repetición ou recomendación de agrupamentos flexibles, adaptación curricular, apoio por parte de especialista de PT e/ou AL).

#### **Competencias clave:**

- Farase unha avaliación por Competencias tendo en conta a contribución de cada área para acadar un grao aceptable das competencias. Estas cualificacións reflectiranse nas actas de avaliación final.



## 10.9. Criterios de outorgamento para mención honorífica

Artigo 5.4 da *Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*.

Os equipos docentes poderán propoñer o outorgamento dunha mención honorífica aos alumnos e ás alumnas que superasen todas as áreas da etapa e obtivesen sobresaliente ao rematar educación primaria nunha área ou en varias e que demostren un rendemento académico excelente.

Para a mención honorífica propoñeráse ao alumnado que cumpra simultaneamente estes dous requisitos:

- Que teña unha media das cualificacións de 6º de primaria de sobresaínte (9 ou superior).
- Presentar un nivel alto de adquisición das competencias clave.

A proposta de «Mención honorífica» farase constar na acta de avaliación.

## 10.10. Protocolo para solicitar copia de probas escritas polas familias

As familias, cando o soliciten ou sexan citados por un docente, poden acudir en horas de titoría a revisar as probas escritas co profesorado da área correspondente.

Se algunha familia desexa solicitar copia dalgunha proba escrita, o profesorado debe informala do procedemento a seguir:

- Solicitude por escrito que se entregará en secretaría do centro para darlle rexistro de entrada.

### Ver Anexo D de modelo solicitude de copia de probas escritas

- Tan pronto se reciba a solicitude, o profesorado correspondente, recibirá unha copia da mesma.
- Nos cinco días lectivos posteriores á data de recepción do escrito, o docente preparará as copias correspondentes nun sobre que se entregarán á familia, con rexistro de saída, na secretaría do centro. No momento da entrega, asinarán o recibí, figurando nome, apelidos e DNI da persoa receptora (solicitante ou persoa autorizada pola mesma).

### Ver Anexo D de modelo de entrega de copia de probas escritas

As familias serán avisadas previamente vía telefónica ou calquera outro medio acordado para pasar a recoller o solicitado.

### ▪ PROCEDEMENTO DE RECLAMACIÓN DAS CUALIFICACIÓNS:

- Co fin de garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva e a que o seu rendemento sexa valorado e recoñecido con obxectividade, os centros deberán facer públicos os procedementos e os criterios xerais de avaliación, promoción e titulación que a comisión de coordinación pedagóxica e o equipo docente establezan, respectivamente, na proposta curricular e nas programacións didácticas.
- A persoa docente titora e o profesorado das distintas áreas, materias e ámbitos manterán unha comunicación fluída, no relativo ao proceso de aprendizaxe, co alumnado, as súas persoas proxenitoras ou persoa que desempeña a representación legal.
- As persoas proxenitoras ou persoa que desempeña a representación legal poderán solicitar aclaracións ao profesorado e á persoa docente titora acerca das informacións que sobre o seu proceso



de aprendizaxe reciban, e facilitarlles información sobre os procedementos de revisión de cualificacións e de decisións sobre a promoción e a titulación. Para tal efecto haberá reunión presenciais de titoría, de non ser posible levaranse a cabo telefonicamente, correo electrónico ou a plataforma Cisco Webex da Xunta.

- As persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal poderán solicitar, á persoa docente titora cantas aclaracións consideren precisas acerca das valoracións que se realicen sobre o seu proceso de aprendizaxe, así como sobre as cualificacións ou decisións que se adopten como resultado do devandito proceso. En todo caso, a reclamación formal abranguerá unicamente as cualificacións finais. As reclamacións presentaranse formalmente no centro con rexistro de entrada, empregando os MODELOS DO CENTRO QUE SE ACHEGAN COMO ANEXOS A ESTE DOCUMENTO.

- **CALENDARIO DE RECLAMACIÓNS**

Trámites e actuacións		Prazo
<b>Presentación</b>	Reclamación formal ante a xefatura de estudos	<b>Dous días</b> lectivos ou, se é o caso, hábiles desde o día seguinte á comunicación
<b>Resolución no centro</b>	Decisión de modificación ou ratificación da cualificación final (Informe do equipo docente)	<b>Primeiro día lectivo seguinte</b> , ou se fose o caso hábil, a aquel en que finalice o período de solicitude de revisión
	Reunión extraordinaria para revisar o proceso de adopción da decisión de promoción ou titulación á vista das alegacións realizadas.	<b>Dous días</b> lectivos ou, se é o caso, hábiles desde a finalización do período de solicitude de revisión
	Comunicación da decisión ao alumnado reclamante, e á persoa docente titora	<b>Día lectivo</b> , ou se fose o caso, hábil, <b>seguinte</b>
	Anotación nas actas de avaliación, e no seu caso, no expediente e no historial académico, da oportuna dilixencia (secretaría do centro) no caso de modificación dalgunha cualificación final	<b>Tras o proceso de revisión</b>
